



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

ORDENANZA NÚM: 24

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal**.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, cando se presente a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos



previstos no Regulamento Xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión da licenza do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

-Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro.- Tarifa

LICENZAS OU PERMISOS	IMPORTE DOS DEREITOS
----------------------	----------------------

1º.- TUBERIAS:

a) Polo subsolo das vías públicas.....0,06 €/m.1.

2º.-Galerías, toma de auga de mananciais e outras

obras de extracción de augas.....0,09 €/m.1.

Segundo.- Outras normas especiais de xestión.

Terceiro.- Data de aprobación.

A presente ordenanza, xunto co Anexo, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Outubro de 1998.